

**INICIATIVAS DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE  
NA ADMINISTRACIÓN LOCAL:  
UNHA ANÁLISE DOS PLANS DE IGUALDADE MUNICIPAIS**

**EDUCATION INITIATIVES FOR EQUALITY IN LOCAL ADMINISTRATION:  
A REVIEW OF MUNICIPAL EQUALITY PLANS**

**Beatriz García Antelo**

*Universidade de Santiago de Compostela*  
[beatriz.garcia.antelo@usc.es](mailto:beatriz.garcia.antelo@usc.es)

**M<sup>a</sup> del Rosario Castro González**

*Universidade de Santiago de Compostela*  
[mariadelrosario.castro@usc.es](mailto:mariadelrosario.castro@usc.es)

**RESUMO**

A igualdade plena entre mulleres e homes constitúe na actualidade un dos retos pendentes por resolver nas sociedades, aínda sen esquecer o visible avance logrado nos últimos anos na loita pola erradicación da desigualdade de xénero. Neste contexto, é innegable a necesidade de impulsar novas medidas para facer efectiva a equidade, dentro das cales a educación debe ser considerada unha ferramenta indispensable.

O obxectivo deste traballo é explorar as iniciativas de educación para a igualdade contempladas nunha mostra de vinteun plans de igualdade municipais de diferentes concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, seleccionados aleatoriamente. Para isto, procedeuse a realizar unha análise documental dos mesmos, centrada nas estratexias de coeducación e dirixida fundamentalmente á poboación escolar. Entre as liñas de traballo prioritarias destacan a organización de obradoiros e accións formativas nos centros educativos sobre diversas temáticas vinculadas á igualdade de xénero, a proposta de iniciativas encamiñadas a implicar ás familias na coeducación, a dotación de fondos bibliográficos e o fomento da lectura en materia de igualdade.

**Palabras clave:** coeducación, igualdade de xénero, plans de igualdade, administración local.

**ABSTRACT**

Full equality between women and men is nowadays one of the pending challenges to solve in society, not to forget the noticeable progress achieved in the last years fighting against gender inequality. In this context, there is a need to motive new procedures to accomplish equality, in which education must be considered an essential tool.

The intention of this proposal is to explore educational initiatives for equality proposed in a program of twenty-one municipal equality plans of different city halls in the Autonomous Community of Galicia, randomly selected. For this purpose, a document analysis was performed, focused on co-educational strategies and mostly addressed to school population. Among the priority scope of work, establishment of workshops and training activities in the educational institutions about various topics linked to gender equality are highlighted, proposed initiatives aimed to involve families in co-education, contributing with bibliographic funds and encouraging reading about equality.

**Key words:** co-education, gender equality, equality plans, local administration.

## INTRODUCCIÓN

Durante as últimas décadas tense producido unha incorporación progresiva das mulleres nos distintos ámbitos sociais, impulsada polo desenvolvemento de diferentes políticas e accións institucionais dirixidas a promover e garantir a igualdade de oportunidades. En efecto, desde que no ano 1945 as Nacións Unidas asumiran na súa carta fundacional o compromiso coa igualdade, foron numerosos os acordos internacionais, estratexias e instrumentos xurídicos adoptados que contribuíron a promover a igualdade de oportunidades entre ambos sexos. Entre eles, a Declaración Mundial sobre a Educación para Todos (UNESCO, 1990), a Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing (UNESCO, 1995) ou a Declaración do Milenio (ONU, 2000). A nivel europeo, tamén se ten incidido na consideración do logro da igualdade de xénero como un elemento esencial para a protección dos dereitos humanos, o bo funcionamento da democracia, así como para o crecemento económico e a sostibilidade (Comisión Europea, 2013).

Polo que respecta ao estado español, o recoñecemento da igualdade concrétese nos artigos 9.2. e 14 da Constitución Española de 1978, ao consagrar o dereito á igualdade diante da lei e de responsabilidade dos poderes públicos na promoción de condicións efectivas e reais de igualdade e liberdade, prohibíndose a discriminación de calquera tipo. A este principio constitucional sucedéronlle unha serie de normas lexislativas, de forma que as políticas de igualdade se foron consolidando paulatinamente a nivel estatal e, paralelamente, nas distintas Comunidades Autónomas. Entre elas, cabe destacar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que constituíron dous referentes clave na normativa a prol da igualdade.

Do mesmo xeito, as desigualdades por razón de xénero teñen sido obxecto dun acrecentado número de publicacións, dende perspectivas moi diversas, e afondando en cuestións de gran calado para o logro da equidade, como a análise dos estereotipos de xénero (Tomé e Rambla, 2001; Díez Gutiérrez, 2004; Colás e Villaciervos, 2007; Sánchez García e cols., 2011); as manifestacións de condutas violentas cara as mulleres (Torres e Antón, 2006; Blaya, Debarbieux e Lucas, 2007; Delgado e cols., 2007); as barreiras profesionais (Gimeno e Rocabert, 1998; Padilla, 2001; Elejabeitia e López Sáez, 2003; Coronel, 2005; Donoso, Figuera e Rodríguez Moreno, 2011) a formación do profesorado en materia de igualdade (López Valero e Encabo, 2002; Colás e Jiménez, 2004) ou a

preocupación por promover a igualdade de xénero dende a administración local (Méndez Lois e Payo, 2007; FEMP, 2007; Moreno Mínguez, 2008); entre outros.

## **1. A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: UNHA ESTRATEXIA CLAVE NA PROCURA DA EQUIDADE**

As persoas configuran o seu rol como homes e mulleres en función da aprendizaxe das representacións culturais de xénero que rexen non só a súa constitución xenérica, senón tamén o carácter das relacións que ambos manteñen en diferentes esferas sociais (Colás e Villaciervos, 2007). Estas representacións culturais exprésanse a través de estereotipos de xénero, que son preconcepcións que se caracterizan por incidir na percepción que o individuo ten dos demais e de si mesmo en función da súa pertenza a un sexo determinado.

A interiorización das diferenzas de xénero ten consecuencias educativas importantes en tanto que xogan un papel básico nas formas de pensar, interpretar e actuar dos suxeitos, así como de relacionarse cos outros (Colás e Villaciervos, 2007). Porén, parece necesario que un dos obxectivos primordiais se encamiñe á configuración dunha identidade de xénero en igualdade.

Neste contexto, a educación constitúe unha ferramenta valiosa na promoción de valores de equidade e no respecto á diferenza. Para Rebollo e cols. (2012), a coeducación fórmulase como unha estratexia prioritaria na transformación de modelos, valores e vínculos que reproducen relacións non equitativas. Cabe destacar, a este respecto, que son diversos os recursos que se teñen desenvolvido para traballar dende a educación estas dimensións (Instituto de la Mujer, 2007; Pena e Sampedro, 2010; Villar e Casado, 2012).

Así é considerado tamén en numerosos informes e propostas de acción das administracións públicas, que establecen a educación para a igualdade como un dos elementos clave na prevención da violencia contra as mulleres e na consecución da equidade. A nivel estatal, o Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades (2014-2016) (Instituto de la Mujer, 2014) formula como un dos eixos a Educación para a igualdade, con tres obxectivos específicos:

- Fomentar a realización de accións de sensibilización e formación na igualdade, nas familias e nos centros educativos.
- Apoiar ás alumnas en situación de vulnerabilidade por múltiple discriminación.
- Traballar pola eliminación de estereotipos por sexo que poidan afectar á elección de estudos e profesións, docencia e dirección dos centros educativos.

A nivel autonómico, o VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 (Xunta de Galicia, 2013) ten como finalidade renovar e reforzar o compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a través dunha actualización e avance nas políticas e medidas aplicadas sobre este ámbito. Para isto, intégranse neste plan un total de seis eixos estratéxicos, un deles centrado no “cambio de valores e modelos para a igualdade”, cuxa motivación recae en “remover os valores, actitudes e estereotipos que aínda sustentan un clima social

tolerante coas desigualdades entre mulleres e homes, así como con calquera acción ou inacción que teña como consecuencia un acto discriminatorio ou violento por razón de sexo” (p. 21-22). Establécese así como necesario promover a colaboración entre diferentes axentes, especialmente considerando e implicando á comunidade educativa. Dous dos obxectivos formulados neste eixo entroncan directamente con accións nas que se fai indispensable a colaboración da escola: promover a sensibilización a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida persoal, social, laboral e familiar e reforzar a igualdade de xénero no ámbito da educación non universitaria e no desenvolvemento da orientación académica e profesional do alumnado.

## **2. AS INICIATIVAS DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE NUNHA MOSTRA DE PLANS DE IGUALDADE MUNICIPAIS**

Entre as propostas institucionais impulsadas na promoción da igualdade figura o desenvolvemento de distintos instrumentos de intervención, entre os cales os plans de igualdade son un dos principais referentes. Os plans de igualdade, elaborados e implementados a partir da década de 1990 por institucións de diferente índole, tales como comunidades autónomas, universidades ou municipios, téñense constituído nun dos instrumentos máis eficaces para poñer en práctica a transversalidade de xénero.

A súa implementación viuse reforzada coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que define os plans de igualdade no seu artigo 46.1 como o conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico da situación, tendentes a alcanzar a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo.

A nivel municipal configúranse como instrumentos que permiten propiciar a asunción por parte da sociedade dos principios e dereitos recoñecidos na lexislación en materia de igualdade. En efecto, as diferentes iniciativas e plans en materia de igualdade que xorden desde a administración local supoñen un compromiso coa mellora da situación política, económica, familiar e cultural da cidadanía.

### **2.1. Obxectivos**

O obxectivo deste traballo é realizar un achegamento ás estratexias de educación para a igualdade formuladas dende a Administración Local a través dos plans de igualdade municipais. Como obxectivos específicos, formuláronse os seguintes:

- Explorar as medidas de coeducación recollidas nos plans, especialmente aquelas que implican á poboación escolar e os centros educativos.
- Identificar os/as destinatarios/as destas accións de educación para a igualdade.
- Coñecer as temáticas clave desenvolvidas a través das diferentes actuacións propostas: principios de coeducación, corresponsabilidade, etc.

## **2.2. Metodoloxía**

Para dar resposta aos obxectivos formulados, procedeuse a realizar unha análise de contido dos devanditos plans. A selección desta metodoloxía parte da necesidade de explorar e describir os compoñentes básicos dos plans de igualdade, establecendo categorías que permitan a clasificación e agrupación da información das diferentes unidades de análise. Estas categorías despréndense dos obxectivos formulados: destinatarios, medidas de actuación e temáticas clave.

Corresponden ao campo da análise de contido aquelas actividades que, partindo dun conxunto de técnicas parciais pero complementarias, consisten en explicitar e sistematizar o contido das mensaxes e a expresión dese contido coa axuda de indicios cuantificables ou non (López Noguero, 2002).

## **2.3. Mostra de plans de igualdade analizados**

A selección dos plans de igualdade realizouse entre aqueles accesibles desde as páxinas web oficiais dos municipios ou desde a da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Na busca realizada foron localizados un total de 47 plans, maioritariamente xa na súa segunda edición e cunha presenza desigual por provincias, sendo os municipios de A Coruña nos que foi máis sinxelo acceder aos documentos a través da rede. Destes, foron seleccionados a través dunha mostraxe aleatoria simple un total de 25, aínda que para a súa análise excluíronse 4 deles, por ter estes un período de finalización anterior ao ano 2010.

A mostra queda así constituída por 21 plans de igualdade de diferentes municipios da Comunidade Autónoma de Galicia que na maioría dos casos constitúen, como xa se indicou, o segundo plan municipal en materia de igualdade. A Táboa 1 recolle información que permite describir a mostra: municipio, denominación do plan, período de vixencia e número de eixos ou grandes áreas de actuación.

Respecto ao período de vixencia é en todos os casos de catro ou cinco anos, estendéndose na maioría dos plans analizados ata o 2014. A estrutura destes plans difire tanto no número de eixos e áreas de actuación como de obxectivos e accións específicas que propoñen.

Provincia	Municipio	Denominación do Plan	Período	Nº eixos ou áreas	Código
A Coruña	Aranga	II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes	2010-2014	5	P1
	Arteixo	Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Arteixo	2010-2014	5	P2
	Camariñas	II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Camariñas	2008-2012	6	P3
	Fene	II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	2010-2013	6	P4
	Malpica de Bergantiños	II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes	2009-2012	7	P5
	Muxía	II Plan Municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Muxía	2010-2014	5	P6
	Oza dos Ríos	II Plan Municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	2010-2014	5	P7
	Ponteceso	II Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres	2007-2012	6	P8
	Riveira	II Plan de igualdade entre mulleres e homes	2011-2014	12	P9
	Teo	II Plan de igualdade. Concello de Teo.	2010-2014	8	P10
	Vedra	I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Vedra	2009-2013	12	P11
	Vimianzo	II Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Vimianzo	2010-2013	8	P12
Lugo	Foz	I Plan de Igualdade – Concello de Foz	2009-2012	6	P13
	Monforte de Lemos	I Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Monforte de Lemos	2009-2012	10	P14
	Rábade	I Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Rábade	2009-2013	7	P15
	Viveiro	II Plan para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Viveiro	2009-2012	7	P16
Ourense	Ourense	II Plan para a promoción da equidade de xénero do Concello de Ourense	2010-2014	12	P17
	Piñor	II Plan municipal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres de Piñor	2010-2013	5	P18
Pontevedra	O Grove	I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello do Grove	2009-2012	6	P19
	Poio	II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Poio	2010-2014	6	P20
	Vigo	IV Plan Integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Vigo	2009-2012	5	P21

**Táboa 1.** Plans de igualdade que compoñen a mostra. Fonte: elaboración propia.


## 2.4. Resultados

### 2.4.1. Destinatarios/as das accións de educación para a igualdade

A totalidade dos plans analizados contemplan iniciativas de educación para a igualdade e teñen como principais destinatarios/as tanto o conxunto da poboación do concello como, máis especificamente, a comunidade educativa (Figura 1).

As estratexias que teñen como obxecto a sensibilización cidadá centran a súa atención en diferentes colectivos poboacionais, entre os que se mencionan: maiores, adultos, mozos/as, mulleres, asociacións, etc. Nalgúns dos plans formúlanse accións específicas para algún destes grupos, pero maioritariamente están formuladas para que poidan participar nelas o conxunto da poboación do municipio.


Por outra banda, ocupa un lugar destacado a implicación dos centros educativos e da poboación escolar. Os nenos e nenas dos diferentes niveis educativos centran maioritariamente a atención, pero tamén se realizan propostas de educación para a igualdade que implican a outros membros da comunidade educativa como o profesorado, os departamentos de orientación, as familias, etc.



**Figura 1.** Destinatarios/as das accións de educación para a igualdade. Fonte: elaboración propia.

### 2.4.2. Accións para a sensibilización cidadá sobre igualdade de xénero

Un dos obxectivos que con maior frecuencia se recollen nos plans de igualdade que compoñen a mostra é desenvolver accións de sensibilización e prevención cidadá sobre a violencia de xénero. Porén, hai dúas liñas xerais de actuación que figuran na maior porcentaxe dos plans: a proposta de campañas informativas e divulgativas e a conmemoración de datas sinaladas en relación á igualdade (Figura 2).



**Figura 2.** Síntese das medidas de sensibilización para o conxunto da poboación. Fonte: elaboración propia.

As primeiras, as campañas informativas e divulgativas sobre a igualdade de xénero están presentes en todas os plans analizados e abordan diversas áreas temáticas, aínda que maioritariamente sitúan o foco no fomento da corresponsabilidade e a prevención da violencia de xénero. Amósase algún exemplo a continuación:

Realización dunha campaña de sensibilización para o fomento do reparto equilibrado das responsabilidades familiares entre mulleres e homes (dípticos, chapas...) (P1)

Sensibilizar e informar a mulleres e homes sobre as principais tipoloxías de violencia (física, sexual, psicolóxica, económica) para que aprendan a detectar as súas manifestacións, nomeadamente as menos coñecidas ou de máis difícil identificación como violencia de xénero (...) e desmitificar os falsos estereotipos de perfís de vítimas e maltratadores, dando a coñecer os recursos existentes para mulleres e homes contribuíndo á autodetección por parte de vítimas e maltratadores. (P17)

A conmemoración de datas sinaladas en relación á igualdade como o *Día Internacional da Muller* (8 de marzo) ou o *Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller* (25 de novembro) constitúe outra das estratexias máis presentes nos plans de igualdade para o conxunto da poboación. Algunha das manifestacións nos plans son as seguintes:


Continuar cos actos de sensibilización, visibilización e información en torno ao 25 de novembro que favorezan a toma de conciencia por parte da cidadanía en xeral. (P9)

Conmemoración anual do 8 de Marzo, realizando actividades que impliquen á propia comunidade como: conferencias, concertos, obras de teatro... tomando en consideración a participación e opinión das asociacións rabadenses. (P15)



### 2.4.3. Acci3ns de educaci3n para a igualdade en colaboraci3n cos centros educativos

Outra das liñas de traballo prioritarias 3 a de desenvolver acci3ns educativas dirixidas 3 poboaci3n escolar en colaboraci3n cos centros educativos. Neste caso, as propostas son diversas, en orde de maior a menor frecuencia (Gr3fico 1), p3dense sinalar: a organizaci3n de obradoiros e acci3ns formativas sobre diversas tem3ticas vinculadas 3 igualdade de x3nero (95,2%), iniciativas para mellorar a implicaci3n das familias na coeducaci3n (85,7%), a dotaci3n de fondos bibliogr3ficos 3s bibliotecas escolares ou municipais e o fomento da lectura en materia de igualdade (76,2%), actividades extraescolares e actividades para os tempos de ocio (66,7%), propostas de informaci3n e orientaci3n acad3mico-profesional non sexista (57,1%) e acci3ns formativas para o profesorado e outros profesionais da educaci3n (38,1%), entre outras.



**Gr3fico 1.** Síntese das principais medidas de educaci3n para a igualdade destinadas 3 comunidade educativa. Fonte: elaboraci3n propia.

A continuaci3n anal3zanse de xeito m3is pormenorizado cada unha destas actuacións.

A realizaci3n de obradoiros e acci3ns formativas en colaboraci3n cos centros educativos est3 presente na gran maioría dos plans analizados en relaci3n a contidos clave para a igualdade de x3nero (95,2%). As medidas, en orde de maior a menor frecuencia, son as seguintes:

- Os principios da coeducaci3n, a identificaci3n e eliminaci3n de estereotipos de x3nero, modelos de feminidade e masculinidade, etc. (95,2%).
- A prevenci3n da violencia de x3nero (76,2%): informaci3n xeral sobre a violencia de x3nero (manifestaci3ns, consecuencias), a resoluci3n pacífica de conflitos, etc.
- O fomento da corresponsabilidade e o avance cara o establecemento de modelos familiares m3is equitativos e democr3ticos (66,7%).

- Igualdade nas relacións afectivo-sexuais (52,4%): o afecto en parella, educación para a saúde dende unha perspectiva de igualdade, etc.

A organización destas accións formativas adquire diversos formatos nos plans analizados. A modo de exemplo, algunhas das medidas propostas son as que se indican a continuación:

Instar aos centros educativos implantados no Concello de Teo a incluír obradoiros sobre corresponsabilidade nas actividades escolares e extraescolares. (P10)

Colaboración cos centros educativos, ANPA e asociacións na organización de obradoiros que aborden modelos afectivos e sexuais igualitarios e non violentos. (P19)

A continuación, destacan as accións encamiñadas a implicar ás familias na educación para a igualdade (85,7%), entre as que cabe resaltar a organización de actividades formativas para os pais e nais (obradoiros, escolas de familia, etc.) e a difusión ás familias das actividades organizadas en materia de coeducación dende diferentes organismos do concello (centros educativos, Centro de Información á Muller, etc.). Menciónase de xeito específico en moitos dos plans analizados o rol que deben desempeñar as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA), tanto na organización das actividades como no fomento da participación por parte dos pais e nais. A modo de exemplo:

Realización de obradoiros de nais e pais nos que se traballen as temáticas de educación non sexista, relacións afectivo – sexuais, prevención da violencia de xénero e reparto de responsabilidades. (P4)

Apoiar e impulsar a escola de nais e pais como un espazo onde se explicita o desigual reparto de responsabilidades e a toma de decisións familiares, e se oriente ás nais e ós pais sobre como educar ós fillos e ás fillas nos principios de igualdade, cooperación e respecto nas relacións persoais e familiares. (P5)

Tamén se fai referencia na maioría dos plans á dotación de fondos bibliográficos nas bibliotecas escolares ou municipais e ó fomento da lectura en materia de igualdade (76,2%). En primeiro lugar, destacan aquelas iniciativas que propoñen a adquisición de libros, recursos e materiais didácticos para abordar temas de igualdade de xénero (52,4%); incluso algúns concellos propoñen a creación dunha sección específica sobre a temática. Do mesmo modo, case a metade dos plans inclúen especificamente propostas encamiñadas a fomentar a lectura en igualdade (42,9%): contacontos, campañas de fomento da lectura, etc. Máis concretamente, algunhas das accións propostas son as seguintes:

Realizar actividades de animación á lectura infantil a través de contacontos que axuden a eliminar os estereotipos que aínda estean presentes nalgúns narracións infantís, e fomentar lecturas de contos non sexistas a través dos fondos da biblioteca infantil. (P5)

Dotar á biblioteca pública municipal dun fondo documental de obras de mulleres e sobre temáticas de igualdade nos diferentes estilos e formatos (banda deseñada, literatura, poesía, ensaio, fotografía...). (P14)

Obtención de recursos educativos (xogos, xoguetes, libros, actividades...) que permitan unha abordaxe integral e transversal da violencia de xénero en función das idades destinatarias. (P15)

Outro dos obxectivos que ocupa un lugar destacado é o de fomentar a eliminación dos roles e estereotipos de xénero no tempo de lecer. Así, en oito dos plans indícase especificamente a necesidade de propoñer actividades extraescolares que fomenten os valores de igualdade, tolerancia e diversidade (66,7%). Entre as actividades que formulan, sobresaen a realización de concursos sobre a promoción da igualdade de oportunidades (38,1%), as destinadas a favorecer o uso non sexista dos xoguetes (28,6%) e a realización de obras de teatro que teñan en conta a perspectiva de xénero (14,3%). A modo de exemplo:

Representación dunha obra de teatro que trate o tema de igualdade de oportunidades. (P1)

Programa para concienciar do carácter non sexista dos xoguetes, que constará da realización dunha unidade didáctica (...) e dunha exposición. (P3)

Organización de actividades extraescolares que fomenten os valores da igualdade, a tolerancia, a diversidade e a non violencia. (P7)

A información e orientación académico-profesional non sexista tamén é considerada en moitos dos plans como un elemento clave para dar a coñecer a diversidade de opcións formativas postobligatorias e promover a incorporación das mulleres a profesións tradicionalmente masculinizadas. Así, en doce deles (57,1%) propónse a realización de iniciativas como obradoiros, elaboración de material divulgativo, etc. que teñan como obxectivo favorecer unha elección vocacional non sexista. A modo de exemplo, podemos identificar algunhas delas:

Realización dun obradoiro sobre orientación vocacional non sexista no último ciclo de primaria. Realización dun obradoiro sobre orientación vocacional non sexista no último ciclo de primaria. (P1)

Elaboración e difusión de material divulgativo e de sensibilización aos equipos de orientación dos centros educativos sobre diversificación profesional non sexista. (P2)

Unha das iniciativas clave para o fomento da coeducación entre os nenos/as e mozos/as do concello é a de impulsar a formación do profesorado e outros profesionais da educación. Así é considerado de xeito específico en moitos dos plans (38,1%), que recollen iniciativas como as que seguen a continuación:

Facilitar formación básica en xénero e igualdade ao persoal de animación sociocultural e ao profesorado de educación infantil, primaria e secundaria. (P17)

Realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado que promovan unha educación para unha cultura da igualdade de oportunidades de mulleres e homes. (P21)

Finalmente, é de interese resaltar que, aínda que cunha presenza moito menor, algúns dos plans analizados tamén realizan outras propostas educativas para fomentar a igualdade de

oportunidades, tales como a creación dunha rede social virtual para a comunidade educativa que sirva para a transmisión de boas prácticas (P2), a creación de grupos de estudo sobre coeducación (P4), a realización dun concurso para o profesorado de propostas de innovación en coeducación (P4), a análise da linguaxe sexista empregada nos centros educativos (sinalización, material didáctico...) e substituíla por unha linguaxe igualitaria (P13), etc.

### 3. CONSIDERACIÓNS FINAIS

A análise realizada neste traballo pon de manifesto que os plans para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes constitúen unha evidencia do compromiso explícito adoptado polas administracións locais para avanzar na consecución efectiva dunha política de igualdade de oportunidades. Neste contexto, a educación é considerada unha ferramenta esencial no camiño cara a igualdade de xénero, tal e como se recolle nos diferentes documentos e directrices emanados dende organismos internacionais, nacionais, autonómicos e, no caso que nos ocupa, tamén locais.

A necesidade de formular iniciativas de carácter educativo parte da idea de que a contorna non é neutra e que nos diferentes espazos sociais (escola, familia, medios de comunicación, etc.) seguen reproducíndose estereotipos sexistas. Entre as medidas consideradas dende os plans, ocupan un lugar destacado as accións de información e divulgación para o conxunto da poboación, entendendo que a sensibilización sobre temas como a corresponsabilidade ou a prevención da violencia de xénero debe chegar ao maior número posible de escenarios, persoas e colectivos (maiores, adultos, mozos/as, asociacións, etc.).

Por outra banda, as estratexias educativas formuladas para os centros escolares implican na maioría dos casos o traballo colaborativo entre diferentes axentes (profesorado, familias, departamento de orientación, etc.), o que permite aunar esforzos na procura da igualdade. Entre elas, destacan as accións formativas para a poboación escolar sobre contidos esenciais como a identificación e eliminación de estereotipos, a prevención da violencia de xénero, o fomento da corresponsabilidade e a igualdade nas relacións afectivo-sexuais.

Así, se ben é certo que aínda queda moito camiño por percorrer, as iniciativas de educación para a igualdade adoptadas dende os concellos en colaboración cos centros escolares supoñen un paso esencial na loita contra a discriminación por razón de xénero.

### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blaya, C., Debarbieux, E. e Lucas, B. (2007). La violencia hacia las mujeres y hacia otras personas percibidas como distintas a la norma dominante: el caso de los centros educativos. *Revista de Educación*, 342, 61-81.
- Colás, P. e Jiménez, R. (2004). La cosmovisión cultural de género del profesorado de Secundaria. *Revista Cultura y Educación*, 16(4), 419-433. DOI: <https://doi.org/10.1174/1135640042802482>

- Colás, P. e Villaciervos, P. (2007). La interiorización de los estereotipos de género en jóvenes y adolescentes. *Revista de Investigación Educativa*, 25(1), 35-58.
- Comisión Europea (2013). *Estrategia de igualdad de género 2014-2017*. Disponible en: <http://www.coe.int/en/web/genderequality> [Consulta: 09/10/2015]
- Constitución Española de 1978. *Boletín Oficial del Estado*, 29/12/1978.
- Coronel, J. M. (Coord.) (2005). *La mujer en la dirección de los centros escolares. Estudio de las barreras que dificultan el acceso a la dirección y análisis cualitativo de los procesos implicados en la puesta en práctica de políticas de gestión y liderazgo escolar*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.
- Delgado, C., Iraegui, A., Marquina, L., Martín, M<sup>a</sup> F., Palacios, B., Plaza, J.F.,... Sánchez, M<sup>a</sup> C. (2007). Patrones de masculinidad y feminidad asociados al ciclo de la violencia de género. *Revista de Investigación Educativa*, 25(1), 187-217.
- Díez Gutiérrez, E. (Dir.) (2004). *La diferencia sexual en el análisis de los videojuegos*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Donoso, T., Figuera, P. e Rodríguez Moreno, M<sup>a</sup> L. (2011). Barreras de género en el desarrollo profesional de la mujer universitaria. *Revista de Educación*, 355, 187-212.
- Elejabeitia, C. e López Sáez, M. (2003). *Trayectorias personales y profesionales de mujeres con estudios tradicionalmente masculinos*. Madrid: CIDE, Instituto de la Mujer, Ministerio de Educación y Ciencia.
- FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias) (2007). *Guía para Sensibilizar y Prevenir desde las Entidades Locales la Violencia contra las Mujeres*. Madrid. Disponible en: <http://www.aulaviolenciadegeneroenlocal.es/> [Consulta: 14/11/2016]
- Gimeno, M. J. e Rocabert, E. (1998). Barreras percibidas por las mujeres en su proceso de toma de decisión vocacional. *Revista de Orientación y Psicopedagogía*, 9(5), 25-36.
- Instituto de la Mujer (2007). *Guía de Coeducación. Síntesis sobre la Educación para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres*. Observatorio para la Igualdad de Oportunidades. Disponible en: <http://www.inmujer.gob.es/observatorios/observIgualdad/estudiosInformes/docs/009-guia.pdf> [Consulta: 09/10/2015]
- Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (Ed.) (2014). *Plan Estratégico de Igualdad de Oportunidades*. Disponible en: <http://www.inmujer.gob.es/actualidad/PEIO/docs/PEIO2014-2016.pdf> [Consulta: 09/10/2015]
- Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de medidas de protección Integral contra la Violencia de Género. *Boletín Oficial del Estado*, 29/12/2004.
- Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres. *Boletín Oficial del Estado*, 23/03/2007.
- López Noguero, F. (2002). El análisis de contenido como método de investigación. *XXI, Revista de Educación*, 4, 167-19.
- López Valero, A. e Encabo, E. (2002). Competencia comunicativa, identidad de género y formación del profesorado. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 43, 113-122.
- Méndez Lois, M<sup>a</sup> J. e Payo Negro, M<sup>a</sup> J. (Coords.) (2007). *Patrones educativos para a igualdade de oportunidades: axentes de socialización*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

- Moreno Mínguez, A. (2008). La igualdad de género en los servicios públicos locales en Europa: un análisis cualitativo. *ARXIUS*, 19, 91-103.
- ONU (2000). *Declaración del Milenio*. Disponible en: <http://www.un.org/spanish/milenio/ares552.pdf> [Consulta: 09/10/2015]
- Padilla, M. T. (2001). Barreras y limitaciones en el desarrollo profesional de la mujer. *Portularia*, 1, 223-232.
- Pena Presas, M. e Sampedro Martínez, P. (Coords.) (2010). *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria II*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Igualdade.
- Rebollo, M<sup>a</sup> A., Piedra, J., Sala, A., Sabuco, A., Saavedra, J e Bascón, M. (2012). La equidad de género en educación: análisis y descripción de buenas prácticas educativas. *Revista de Educación*, 358, 129-152.
- Sánchez García, M<sup>a</sup> F., Suárez, M., Manzano, N., Oliveros, L., Lozano, S., Fernández, B. e Malik, B. (2011). Estereotipos de género y valores sobre el trabajo entre estudiantes españoles. *Revista de Educación*, 355, 331-354.
- Tomé, A. e Rambla, X. (Ed.) (2001). *Contra el sexismo. Coeducación y democracia en la escuela*. Madrid: Síntesis.
- Torres, L. e Antón, E. (2006). *Lo que usted debe saber sobre la violencia de género*. Madrid, Caja España.
- UNESCO (1990). *Declaración Mundial sobre Educación para Todos*. Disponible en: [http://www.unesco.org/education/pdf/JOMTIE\\_S.PDF](http://www.unesco.org/education/pdf/JOMTIE_S.PDF) [Consulta: 09/10/2015]
- UNESCO (1995). *Informe de la Cuarta Conferencia Mundial sobre la Mujer*. Disponible en: <http://www.un.org> [Consulta: 09/10/2015]
- Villar, D. e Casado, D. (2012). Que len os/as alumnos na ESO? Un estudo de caso en clave de xénero. *Innovación Educativa*, 22, 229-239.
- Xunta de Galicia (2013). *VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015*. Disponible en: <http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/viplan2.pdf> [Consulta: 09/10/2015]